

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE VIVENDAS TURÍSTICAS DE GALICIA (AVITURGA) PARA O PROXECTO INTEGRAL PARA REGULAR, PROFESIONALIZAR E PROMOCIONAR AS VIVENDAS DE USO TURISTICO NOS ANOS XACOBEO 2021-22

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa **Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AVITURGA para o desenvolvemento dun proxecto integral de promoción das Vivendas de Uso Turístico en Galicia, que aposta pola profesionalización continua dos propietarios individuais, dixitalizar tanto a comercialización como a visibilización en mercados emisores nacionais e internacionais con potencial turístico para Galicia e ofrecer información actualizada e accesible para reducir a oferta que opera ilegalmente, apoiándose nas tres plataformas dixitais impulsadas dende Aviturga.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica



en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que AVITURGA é unha asociación sen ánimo de lucro representativa da figura aloxativa da vivenda de uso turístico en Galicia, que representa aos propietarios de máis de 10.000 vivendas de uso turístico, das cales o 87% son particulares que xestionan unicamente unha propiedade, a diferenza co resto de comunidades autónomas.

Conta cunha Escola de Anfitrións para organizar iniciativas formativas que garantan que os propietarios de vivendas de uso turístico de Galicia son coñecedores das novidades normativas que se esixirán relacionadas coa limpeza, hixiene e outras medidas de distanciamento social na súa relación cos hóspedes nacionais e internacionais na inminente tempada estival 2020.

Terceiro.- A situación xerada pola evolución da COVID-19 obrigou as autoridades públicas a xestionar a crise sanitaria establecendo medidas para protexer a saúde e a seguridade, e estas medidas comportaron a maior crise económica coñecida. O sector da hostaleira e concretamente as vivendas de uso turístico, foi un dos máis afectados polas limitacións de mobilidade. Ante esta situación, a Xunta de Galicia quere fomentar o turismo rural co fin de consolidar unha oferta turística de calidade, como un referente da imaxe de Galicia a nivel global e cun gran valor estratéxico na economía galega.

Cuarto.- Atopámonos na actualidade nun escenario de recuperación paulatina da actividade turística tras o parón repentino da economía mundial provocado polo coronavirus SARS-CoV-2 que nos permite extraer algunhas conclusións sobre a evolución das preferencias do turista post covid 19:

- Galicia foi un destino identificado como seguro e ideal post pandemia.



- Galicia incrementou no 2020 o seu número de Vivendas de Uso Turístico nun 20%.
- As Vivendas de Uso Turístico están a ser a tipoloxía aloxativa máis demandadas post pandemia.
- As Vivendas de Uso Turístico atópanse en 263 municipios de Galicia.
- As Vivendas de Uso Turístico en Galicia están xestionadas por cidadans.

Cuarto.- Que o obxectivo do presente convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AVITURGA para o desenvolvemento dun proxecto integral de promoción das Vivendas de Uso Turístico en Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase a AVITURGA unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

